

ARTE



Soledad Sevilla xunto a unha das obras que expón na galería SCQ de Santiago de Compostela

F.B.

A valenciana Soledad Sevilla, entre follas

Desde que Soledad Sevilla (Valencia, 1944) iniciara a súa andaina artística alá a finais dos anos 60 cando se organizou a súa primeira individual, sucedéronse avances estilísticos que pasan de valora-lo matemático e xeométrico a indagar en problemas de índole lumínica e espacial.

A Soledad Sevilla non lle van as imaxes directas, fieis á realidade. Prefire subvertela a súa orde para envorcar no lenzo o pulso pasional que emerxe dun estrato profundo saído do seu interior. As súas vivencias, antes de almacenarse no rocho do esquecemento, afloran como elementos parlantes.

Experiencias vivenciais, como a súa afección ás corridas taurinas, lévan a enfrontarse a esa temática tan española sen caer na tónica representativa figurativa dual que enfronta o toureiro e o touro. Ese entusiasmo queda sintetizado nun xogo de liñas reticulares, limitadas á súa mínima expresión, que forman como panos de teas xeométricas bordadas en recantos a través dos que o espectador recrea a súa propia historia particular.

Como en tantas outras ocasións, as instalacións son complemento dos ciclos pictóricos. Así xorden os sete capotes que forman a instalación *Fómonos a Coyambe* (presentada en salas de Zaragoza e Granada) na que de toda a parafernalia da festa taurina só queda o capote abandonado na praza, conformando un círculo máxico, unha orde rixida e pautada propia de todo ritual.

A nosa cultura asocia a Natureza

á muller. A artista abórdala a súa concepción espiritual. Incorpora o seu traballo propostas próximas ó Land Art. *O poder da tarde* (que se expuxo na Galería Montenegro de Madrid) encerra valores puramente sensuais. Intentando crear unha atmosfera envolvente e serena, é unha fermosa metáfora da prudencia e sosego alcanzado tras unha deliciosa sesta primaveral sevillana, tan tipicamente española por certo. En prol de conseguilo ambiente apracible, Soledad Sevilla sèrvese de ramallada natural para cubri-lo teito da estancia e deixar filtrar unha luz rosada, que suxire un doce atardecer amenizado polo rechouchiar dos paxaros.

A visión da artista aborda o ciclo da vida. O tempo é fundamental nun traballo que permite segui-lo destino de toda materia orgánica e non é outro cá putrefacción.

Miríadas de flores naturais, caraveis vermellos, forman a instalación *Leite e sangue*, creada na mesma galería madrileña. A flor vaixe murchando e desprendendo o seu perfume ó tempo que deixa ver a parede branca que queda cribada por unha mancha avermellada que forma a masa floral. A obra é todo un discurso conceptual; a artista tecu o espacio aludindo á mitoloxía feminina na súa actividade creadora e á vez reivindicativa do papel da muller artista.

Potente carga lírica e poética emanan doutras obras nas que incorpora a auga, evocando os variados e ricos xogos deste elemento en edificios como a Alhambra de Gra-

nada, ou a luz esculpindo as súas mesmas rafas de luz natural.

A artista chega a Compostela cun longo e atractivo historial ás súas costas. A galería compostelá SCQ exhibe estes días o traballo que Soledad Sevilla empezou uns tres anos atrás sobre a serie de muros peneirados pola vexetación, inmediatamente evocadores das populares vivendas do sur peninsular, ornamentados de carnosa vexetación. A hedra fórmase con moito tempo e moitas horas de luz. *Insomnios de Santiago* está composta por cinco paneis unidos por pinceladas de follaxe caendo en potentes ferrenzas. Remiten tanto a estampas orientais como á crenza da súa cultura na que as follas se asocian á dita e prosperidade.

A instalación de follas serigrafadas *Chamareite follas, porque parece unha follas* creada especificamente para a sala de arte compostelá, abandona a follas natural polo que ten de fráxil, pero o conxunto denota unha profunda observación da natureza na que o sucederse das estacións vai transformado os tons verdosos en amarelos e avermellados. Toca aquí o concepto de reciprocidade, no que todo se vai mudando como a orixe en aniquilación. Ó mesmo tempo esperta connotacións eróticas o ritmo das follas axitadas en suave ondulación.

Como o ritmo da natureza que nunca cesa, esta obra será a base da que fluirán posteriores propostas dunha artista con espazo no panorama artístico internacional.

Fátima Otero

CINE

Encaixe de Camariñas

Ainda estando toda construída con un veludo inglés de finísima elegancia, de ambientación exquisita, e sendo toda ela un engarzamento de pedras preciosas sobre un estanque tranquilo de augas axitadas, 'Gosford Park', a última película de Robert Altman, lembroume un laboratorio e belísimo encaixe de Camariñas.

Outra vez aquí aparecen vidas cruzadas, moitas e complexas vidas cruzadas, pero sobre un escenario impecable, unha trama riquísima e un fluxo de secuencias trenzadas por unha experta e habelenciosa man que remata unha peza rica, fermosa, única.

Desde as primeiras notas do piano que acompaña unha chuvia intensa que enchoupa os coches que se meten polo verde campo cara á mansión onde señores e criados convivirán durante as horas nas que transcorre toda a historia, un sabe que penetra na prácida e dramática vida de todos os personaxes que se van explicando fio a fio en luminosas lazadas, nós, envolturas, enganches, que todo o explican e conforman.

Sobre unha cor irónica, enriba dun aparente e intrascendente ir e vir de señores e criados, de cotiáns propios de señores e servidores, dos mundos de arriba e de abaixo entrecruzados, vaise tecendo un encaixe social vistoso, perfectamente cosido e rematado, que explica todas e cada unha das moitas vidas que se mostran, e da razón de que todas se conecten, se realicen, se necesiten se odien.

'Gosford Park' é a exposición da mestría dun director que, perfectamente asesorado na ambientación e características sociais da época, sabe crear na pantalla unha ficción resistente e sólida, sutil, de viveza serena que nunca fire nin engana ó espectador.

Sobre un guión magnífico de Julian Fellowes, Altman consegue paliar durante máis de dúas horas cos trazos tan mínimos como reveladores de trinta e cinco personaxes (mesmo dun chuco que non resulta intrascendente), ata que, case imperceptiblemente, coa suavidade e dominio do ritmo propios de quen atrapou nos seus máis mínimos motivos a medula da historia, nos instala na confortable e clara estancia que dá luz á ficción.

Os caprichos de clase, as hipocrísias que permiten sobrevivir, o desprezo vertical e horizontal no enramado dos pechados e distintos mundos, as saídas da luxuria, o poder dos cartos, as regras rixidas, a fineza das miradas e o relativismo ético quedan perfectamente debuxados no pespunte firme, irónico e fondo desta deliciosa peza de artesanía. Comedia enriba de traxedia, elegancia discreta dentro dunha beleza formal incuestionable, 'Gosford Park' é a representación do mundo dentro da pantalla sustentada na mirada sabia e irónica do seu director e na interpretación medida e impecable dun gran cadro de actores ingleses, dos que sobresaen, como sempre, Maggi Smith.

Un encaixe dos máis complexos e belos dos que se puideran elaborar en Camariñas.

Miguel Suárez Abel